

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DE RAXOI
O DÍA 19 DE NOVEMBRO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se regula a composición, organización e funcionamento da Comisión do Xogo de Galicia
- Decreto polo que se crean e regulan as comisións e grupos de traballo para o deseño e implantación da Oficina Xudicial en Galicia

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Decreto polo que se aproba o Regulamento de réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a concesión dunha subvención a AVANTE ELECTA, S.L por un importe total de tres millóns corenta e seis mil catrocentos euros (3.046.400,00 €) para unha promoción de douscentos setenta e dous (272) aloxamentos protexidos con destino a aluguer no Val Mesoiro, na Coruña
- Acordo polo que se autoriza a aprobación definitiva da modificación puntual do proxecto sectorial e do proxecto de urbanización do parque empresarial de Mos (Pontevedra)

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración específico entre o Instituto para a Reestruturación da Minería do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, para a execución do proxecto: "Autovía Ferrol-Vilalba: tramo Cabreiros – Vilalba"
- Acordo polo que se autoriza a modificación dos estatutos da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Turismo, e o Concello de Salvaterra de Miño para a restauración das murallas da Fortaleza de Salvaterra de Miño, por un importe de cento cincuenta mil cincocentos noventa e sete euros (150.597,00 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación cultural entre as consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Carnota, para a construción da casa da cultura por importe total de sesenta e cinco mil euros (65.000 €)

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto de construción e reordenación de accesos na N-120, acceso á Pobra de Brollón e outros núcleos nos concellos de Quiroga e Ribas de Sil, sobre a do monte veciñal en man común Sarandeiras e Remeite, pertencente á comunidade de Rairos, promovida pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre o Plan de Solo Empresarial de Galicia

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a actuación da tuberculose en Galicia

O CONSELLO APROBA UN DECRETO QUE ADAPTA A COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DO XOGO DE GALICIA Á NOVA ESTRUTURA DA XUNTA

- *Estará presidida polo conselleiro de Presidencia, Alfonso Rueda, e vicepresidido polo director xeral de Emerxencias e Interior, Santiago Villanueva*

O Consello da Xunta aprobou un decreto polo que se regula a composición, organización e funcionamento da Comisión do Xogo de Galicia, atendendo ás modificacións nas estruturas orgánicas dos departamentos da Xunta de Galicia. Esta comisión é o órgano encargado do estudo, coordinación e asesoramento das actividades relacionadas coa práctica de xogo e apostas no territorio da comunidade autónoma.

Segundo o texto, a entidade estará presidida polo titular da consellería con competencia en materia de xogo -Alfonso Rueda-, e integrada por un vicepresidente -o director xeral con competencias en xogo, Santiago Villanueva- e nove vogais, todos eles elixidos polo conselleiro. Os vogais serán cinco directores xerais con competencias en Facenda, Traballo, Industria, Xuventude e Deportes; un representante do sector dos casinos, outro da Asociación Empresarial de Bingos e un terceiro das asociacións empresariais das empresas operadoras de máquinas recreativas. Por último, haberá unha persoa funcionaria, co nivel orgánico mínimo de xefe de servizo, que exercerá a función de secretario e actuará con voz pero sen voto.

Entre as funcións desta comisión atópase a realización do informe preceptivo non vinculante sobre asuntos como as disposicións de carácter xeral que se teñan que ditar en desenvolvemento da Lei 14/1985, do 23 de outubro, e do Catálogo de xogos; as medidas de planificación do xogo en Galicia e as propostas de altas e baixas e modificación do Catálogo de xogos autonómico. Ademais, informarán sobre aquelas materias relacionadas coas actividades reguladas na Lei 14/1985, do 23 de outubro, que sexan competencia do Consello da Xunta de Galicia, e sobre aquelas nas que este ou a consellería con competencia en materia de xogo llo soliciten; doutra banda, tamén será a encargada de evacuar as consultas que soliciten os órganos da Comunidade Autónoma respecto daquelas materias relacionadas coas actividades que se regulan na Lei de xogo de Galicia.

Por último, o decreto expón que a comisión poderá acordar a creación no seu seo de grupos de traballo cuxa composición e funcionamento serán determinados por ela mesma. A composición e organización destes grupos de traballo rexeráse polo principio de paridade e tratará de garantir unha representación proporcionada entre homes e mulleres.

A XUNTA CREA AS DÚAS COMISIÓNS QUE SE ENCARGARÁN DO DESEÑO E A IMPLANTACIÓN DA NOVA OFICINA XUDICIAL EN GALICIA

- *Trátase do proxecto de reforma organizativa nos xulgados e tribunais galegos máis importante dos dous últimos séculos*
- *A Consellería de Presidencia proxecta unha implantación progresiva da reforma, que busca dinamizar, axilizar e mellorar a calidade dos servizos xudiciais*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crean e regulan as comisións e grupos de traballo que se encargarán do deseño e implantación en Galicia da Nova Oficina Xudicial, no que é o proxecto de reforma organizativa nos xulgados e tribunais máis importante dos dous últimos séculos.

Coa finalidade de crear os foros onde se desenvolverá o dito proceso, o decreto constitúe unha comisión superior e unha comisión técnica, así como grupos de traballo, que contando co asesoramento de expertos servirán para organizar a participación dos diversos sectores da xustiza durante a reforma. O Goberno galego prevé para os estudos das comisións e dos grupos de traballo unha planificación temporal de 18 meses, ao cabo dos cales se aprobará o Plan Estratéxico para a Implantación da Nova Oficina Xudicial.

As características singulares da distribución dos nosos órganos xudiciais –dos 45 partidos xudiciais, 29 teñen só un ou dous xulgados- condicionan o deseño do plan estratéxico, no cal se contará coa participación de todos os sectores implicados na implantación dos futuros servizos de execución e de ordenación do procedemento.

O que persegue esta importante reforma é dinamizar, axilizar e mellorar a calidade dos servizos xudiciais a través dunha distribución máis racional, coherente e eficiente do traballo. Trátase, en definitiva, de substituír as actuais secretarías xudiciais por unha estrutura de unidades mellor dimensionadas e máis especializadas.

Así, crearanse en primeiro lugar as unidades de apoio directo, encabezadas polo xuíz e enfocadas cara ás funcións máis estritamente xurisdicionais e xulgadoras. Tamén estarán os servizos comúns procesuais, co secretario á cabeza e dirixidas a asumir o peso principal do traballo burocrático. Finalmente, haberá unidades administrativas, cuxa principal encomenda será a de xestionar os edificios xudiciais e o equipamento de medios materiais, así como levar a xefatura de persoal.

Implantación progresiva

A Xunta proxecta unha implantación progresiva da Nova Oficina Xudicial, estratificada en dúas fases. A curto e medio prazo porase en marcha a parte da

reforma que non suscita dúbidas en canto ao seu modelo organizativo, e que pasa pola constitución de 43 novas unidades –entre servizos comúns procesuais e unidades técnico-administrativas e unidades de apoio ás presidencias de tribunais e decanatos dos xulgados-, recollidas en proxectos de decreto para a súa creación que actualmente ultima a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Na segunda fase faranse efectivas as reformas de maior calado, que suporán a substitución das actuais secretarías pola organización baseada nas unidades procesuais de apoio directo e servizos comúns de ordenación de procedemento e de execución.

Estrutura do decreto

O decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta recolle a creación das comisións, a súa composición, funcións e funcionamento. A Comisión autonómica para a implantación da Nova Oficina Xudicial contará con 14 membros, dos cales un será o presidente; haberá cinco vogais da Administración autonómica; cinco da Administración de xustiza; dous en representación das corporacións profesionais; e un secretario pertencente á Dirección Xeral de Xustiza.

A Comisión técnica para a implantación da Nova Oficina Xudicial contará cun presidente; cinco vogais da Administración autonómica; un secretario pertencente á Dirección Xeral de Xustiza; e 13 membros en representación da Administración de xustiza (dous do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; un da Fiscalía Superior; un secretario de Goberno; catro secretarios coordinadores; e cinco das organizacións sindicais).

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE DECRETO DO NOVO REGULAMENTO ELECTORAL DAS CÁMARAS DE COMERCIO GALEGAS CO OBXECTIVO DE AXILIZAR E MODERNIZAR O PROCEDIMENTO

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o seu visto bo ao proxecto de decreto polo que se aproba o novo regulamento electoral das nove cámaras oficiais de Comercio, Industria e Navegación que existen na comunidade autónoma. Con esta nova regulación, consensuada cos representantes das institucións camerais e o Consello Consultivo de Galicia, a Xunta pretende actualizar, modernizar, simplificar e dotar dunha maior celeridade o proceso electoral das cámaras de comercio.

Este novo texto regula máis polo miúdo aspectos tales como os suxeitos dos dereitos electorais, o exercicio destes dereitos, os censos, as reclamacións, a convocatoria de eleccións, as xuntas e mesas electorais e o propio proceso electoral. Así mesmo, as persoas xurídicas electoras poderán solicitar unha tarxeta censual que poderá ser empregada á hora de exercer o voto e no resto de trámites de acreditación do proceso electoral.

Por outra banda, o novo regulamento presta especial atención ao control da presentación de candidaturas por parte das organizacións empresariais e á forma de elección dos vogais elixidos polo Pleno entre persoas de recoñecido prestixio da vida económica galega propostos polas organizacións intersectoriais e territoriais máis representativas. Tamén se establecerá a redución de prazos para os efectos de acurtar o proceso electoral sen que se vulneren as garantías do procedemento.

APROBADA UNHA SUBVENCIÓN DE MÁIS DE TRES MILLÓNS DE EUROS PARA ALOXAMENTOS PROTEXIDOS EN ALUGUER CONSTRUÍDOS NA CORUÑA

- *Trátase de 272 aloxamentos para aluguer por mozos ou maiores de 65 anos promovidos por unha empresa privada*
- *Estarán sometidos ao réxime de aluguer durante polo menos 10 anos.*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na reunión de hoxe unha subvención para a promoción privada de 272 aloxamentos protexidos na cidade da Coruña, executados pola empresa AVANTE ELECTA, S.L.

O proxecto presentado pola devandita empresa acadou a cualificación definitiva a comezos de setembro de 2009 e, unha vez rematada a tramitación administrativa, a subvención sométese á aprobación do Consello da Xunta dada a súa contía.

A devandita subvención acada a cantidade de 3.046.400 euros e inclúese entre as actuacións financiadas ao abeiro do Plan de Vivenda 2005-2008.

A empresa beneficiaria edificou na cidade da Coruña, na avenida de Novo Mesoiro, 272 aloxamentos protexidos que durante un período mínimo de 10 anos se destinarán ao aluguer por mozos con idades comprendidas entre 18 e 35 anos ou por persoas maiores de 65 anos.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL PARA CONSTRUIR OS ACCESOS AO PARQUE EMPRESARIAL DA VEIGADAÑA (MOS), QUE IMPLICAN UN INVESTIMENTO ADICIONAL DE 6 MILLÓNS DE EUROS

- **As obras serán financiadas e executadas por Xestur Pontevedra co obxectivo de que estean rematadas en xullo de 2010**
- ***As obras de urbanización do parque están rematadas, pero o goberno anterior non se ocupou dos seus accesos***
- ***O investimento total, incluídos accesos, é de 49 millóns de euros***
- ***Está reservado o 70 por cento do solo posto á venda***

O parque empresarial da Veigadaña, no concello de Mos, quedará operativo no próximo mes de xullo de 2010, unha vez que o Consello da Xunta aprobou esta mañá a modificación puntual do proxecto sectorial e do proxecto de urbanización do dito parque para facilitar os seus accesos.

A anterior Consellería de Vivenda e Solo e os responsables de Xestur Pontevedra durante o bipartito non se ocuparon dos accesos ao polígono empresarial de Mos, de maneira que o parque se atopa rematado dende hai meses pero sen posibilidades de poñelo en servizo polas dificultades de acceso. Foi a actual Administración a que se tivo que ocupar de buscar unha solución aos problemas e redactar e tramitar a modificación do planeamento que agora se aproba.

Esta modificación do proxecto sectorial e do proxecto de urbanización permitirá construír os accesos ao parque empresarial a través da estrada N-500, que conecta coa autovía A-52 a uns dous quilómetros do parque. A alternativa a este enlace era o tránsito por unha estrada local sen capacidade para asumir o tráfico xerado polas industrias que se instalarán no parque empresarial e ademais provocaría unha importante afección dos núcleos de poboación próximos, que terían que soportar un elevado tráfico de vehículos pesados, co conseguinte incremento de contaminación acústica e atmosférica.

As obras suporán un investimento de 6 millóns de euros, que serán financiados por Xestur Pontevedra, organismo que ademais será o encargado de executar esta actuación.

Co visto e prace desta modificación puntual procederáse á redacción e tramitación do proxecto de expropiación, que se prevé estea aprobado no mes de xaneiro de 2010, para de seguido executar as obras de construcións dos enlaces, obras que serán

realizadas pola mesma unión temporal de empresas que levou a cabo a urbanización do parque empresarial, prevéndose o remate para xullo de 2010.

49 millóns de euros

O investimento realizado pola empresa pública Xestur Pontevedra neste parque empresarial acadará os 49 millóns de euros cando se rematen os accesos. Na actualidade só queda por executar un investimento de seis millóns de euros, que corresponden integramente aos accesos pendentes.

Na actualidade está reservado arredor do 70 por cento do solo industrial do parque empresarial e estase a proceder á venda das parcelas, unha vez que se obtivo a licenza de reparcelación.

77 hectáreas

O parque empresarial de Mos ocupa unha superficie total de 776.023 metros cadrados, dos cales corresponden a uso industrial 393.239 metros cadrados. A distribución total da superficie do parque empresarial é a seguinte:

SUPERFICIE	METROS CADRADOS
Industrial, comercial e de uso terciario	393.239,00
Equipamentos	17.618,00
Espazos libres e zonas verdes	296.417,00
Viario e aparcamentos	64.980,00
Outras	3.769,00
TOTAL	776.023,00

O GOBERNO GALEGO DA O SEU VISTO E PRACE Á ACHEGA ECONÓMICA DE CASE 1,7 MILLÓNS DE EUROS PARA O TRAMO CABREIROS-VILALBA DA AUTOVÍA FERROL-VILALBA

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe unha addenda ao convenio de colaboración específico entre a Consellería de Economía e Industria, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o Instituto para a Reestruturación da Minería do Carbón e o Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras para o execución do tramo Cabreiros-Vilalba, do proxecto de autovía entre Ferrol e Vilalba.

De acordo con esta addenda, o departamento que dirixe Javier Guerra xestionará case 1,7 millóns de euros destinados a este tramo viario, dado o especial interese que para a comarca mineira das Pontes ten esta infraestrutura, que unirá esta comarca coa autovía do Cantábrico.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DA ESTRADA

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a modificación dos estatutos da Fundación de Exposicións e Congressos da Estrada co obxectivo de adaptar varios dos seus artigos á Lei 12/2006, do 1 de decembro, que fai referencia ás fundacións de interese galego.

Os cambios, que achegan melloras técnico-xurídicas aos estatutos e non supoñen ningunha modificación substancial, afectan un total de 18 artigos, que era preciso modificar para responder a criterios de necesidade e oportunidade de adaptación a normativa do ano 2006.

A Fundación de Exposicións e Congressos da Estrada, adscrita á Consellería de Economía e Industria, foi constituída no ano 1992, e a modificación dos seus estatutos partiu da propia Secretaría da Fundación o pasado 20 de xullo deste mesmo ano.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REHABILITACIÓN DA FORTALEZA DE SALVATERRA DE MIÑO POR UN IMPORTE SUPERIOR AOS 150.000 EUROS

- *A Consellería de Cultura e Turismo financiará a II fase de rehabilitación da fortaleza que recolle a actuación nun tramo da muralla zona sur do recinto fortificado.*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Salvaterra de Miño para a restauración das murallas da fortaleza do concello pontevedrés. A consellería, no tocante ao coñecemento da necesidade de colaborar de forma conxunta con outras institucións en ámbitos de conservación, protección e difusión do noso patrimonio cultural, achegará para o desenvolvemento da II fase de rehabilitación da fortaleza a cantidade total de 150.597 euros, con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma para 2010. O Ministerio de Fomento tamén contribuirá ao financiamento da rehabilitación da muralla da fortaleza de Salvaterra dentro das actuacións relacionadas co 1% cultural.

A través do convenio a consellería e o concello pretenden garantir a protección e conservación deste patrimonio cultural. Deste xeito unirán esforzos para levar a cabo actuacións encamiñadas á investigación e posta en valor destes bens patrimoniais. Os traballos establecidos no proxecto de convenio, céntranse en obras de urbanización na zona sur do recinto fortificado no ámbito próximo ao tramo da muralla situado entre as covas de Dona Urraca e a Casa do Conde. Existe un contexto de necesidade dunha rápida intervención na fortaleza debido á situación de conservación da muralla.

O Concello de Salvaterra encargárase da contratación dos medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o axeitado desenvolvemento dos traballos, da execución e o investimento e da solicitude á consellería dos informes e autorizacións. Todo material gráfico e divulgativo que se realice do proxecto incluírá a imaxe institucional da Consellería de Cultura e Turismo. Así mesmo, o concello verase na obriga de non alterar o destino da achega, realizar a execución segundo o plan da consellería e admitir as súas inspeccións e controis, efectuar a xustificación do gasto e prestar colaboración no marco do convenio. A vixencia do convenio esténdese ata o 25 de novembro de 2010.

Historia

O castelo de Salvaterra data do século XVII e foi erixido polos portugueses tras a ocupación dun antigo recinto fortificado de orixe medieval. Destruíronse entón un

convento franciscano e o pazo dos condes de Salvaterra e levantáronse murallas e bastións cunha nova traza renacentista.

No ano 1659 os españois reconquistaron a fortaleza e para ela mantívose o seu uso militar ata a primeira metade do século XX.

A XUNTA DE GALICIA ACHEGARÁ 65.000 EUROS PARA A CONSTRUCCIÓN DA CASA DA CULTURA NO CONCELLO DE CARNOTA

- *As consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e de Cultura e Turismo asinarán o convenio de cooperación co Concello de Carnota polo que achegarán 15.000 e 50.000 euros, respectivamente.*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción do convenio de cooperación cultural entre as consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Carnota para a construción da casa da cultura por importe total de 65.000 euros.

O convenio aprobado obedece á necesidade do Concello de Carnota de posuír instalacións de carácter sociocultural para as que cómpre acometer obras de construción na maior brevidade posible. A construción desta casa da cultura obterá unha infraestruturas cultural axeitada que suporá a posibilidade de poder desenvolver actividades culturais de diversa índole, convertendo Carnota nun referente cultural e virá materializar as funcións da Xunta de Galicia e concello respecto á divulgación, información e promoción da cultura co fin de achegar o máximo posible o patrimonio galego cultural á poboación do Concello de Carnota e das parroquias dos arredores.

O Concello de Carnota fará constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa coma audiovisual- a colaboración das consellerías de Cultura e Turismo e de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, utilizando a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia, comprométese ao cumprimento das obrigas da Lei de subvencións de Galicia e prestará colaboración cando sexa requirida. A vixencia do convenio abrangue ata o 30 de decembro de 2010.

A Xunta de Galicia efectuará o pagamento en dous fondos xa que resulta imposible realizar a dita obra nun só período debido á magnitude para a realización das obras de construción da casa da cultura, a fin de que o antes posible se poida ofrecer o dito espazo para o seu aproveitamento e para a realización dos programas culturais previstos polo concello de acordo coa seguinte distribución por importe e anualidades:

ANUALIDADE	CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP E XUSTIZA	CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
2009	15.000 euros	-----
2010	-----	50.0000 euros

O CONSELLO DA XUNTA ANALIZA O PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN E REORDENACIÓN DE ACCESOS NA N-120 AO SEU PASO POR VARIOS MUNICIPIOS

- *A superficie de afección é de 2.008,55 metros cadrados do monte veciñal en man común "Sarandeiras e Remeite"*
- *A Dirección Xeral de Montes emitiu un informe favorable que lle dá prioridade á utilidade pública deste proxecto*

A Consellería do Medio Rural leva ao Consello da Xunta unha proposta para declarar a prevalencia da utilidade pública do "Proxecto de construción e reordenación de accesos na N-120, nos accesos á Pobra de Brollón e outros núcleos nos concellos de Quiroga e Ribas do Sil", sobre a do monte veciñal en man común "Sarandeiras e Remeite".

Esta declaración de utilidade pública implica a necesidade de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras e foi promovida pola Demarcación de Estradas do Estado de Galicia unha vez que a Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento aprobouse por resolución do 22/10/2007 este proxecto.

Ningunha oposición

O Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Lugo comunicou o expediente á comunidade de montes veciñal en man común, cunha superficie afectada de 2.008,55 metros cadrados, sen rexistrar ningunha alegación por parte da comunidade titular.

A XUNTA ELABORA UN NOVO PLAN DE SOLO EMPRESARIAL PARA DESENVOLVER 55 MILLÓNS DE METROS CADRADOS ENTRE 2009 E 2015, CON MEDIDAS QUE FACILITARÁN A ADQUISICIÓN DE SOLO POR PARTE DOS EMPRESARIOS

- *O conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas presentou no Consello da Xunta un informe sobre a situación actual do solo empresarial en Galicia e as directrices do novo plan*
- *Entre 2009 e 2012 crearanse máis de 18,4 millóns de metros cadrados de solo, que inducirán un investimento por parte das empresas de máis de 2.300 millóns de euros e a creación de arredor de 61.000 empregos.*
- *Entre 2012 e 2015 prevese a creación de máis de 36 millóns de metros cadrados*
- *O obxectivo é que en 2015 Galicia conte con máis de 68 millóns de metros cadrados de solo empresarial dependente da Xunta de Galicia*
- *As vendas de solo empresarial incentivaranse cun novo prego de bases, que flexibiliza as exixencias aos compradores.*
- *Facilitarase o pagamento aprazado do solo empresarial, mentres que ata o de agora só era posible o pagamento ao contado*

Galicia contará cun novo Plan de Solo Empresarial que recollerá as actuacións do anterior plan, elaborado en 2004, e novas actuacións co obxectivo de contar en 2012 cunha superficie total de solo empresarial de máis de 32 millóns de metros cadrados e incrementala ata os 68 millóns de metros cadrados para 2015, segundo o informe sobre a situación do solo empresarial en Galicia, presentado polo conselleiro de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas no Consello da Xunta de Galicia celebrado hoxe.

Co obxectivo de recuperar o tempo perdido nos últimos catro anos, nos cales non existiu ningunha planificación en materia de solo empresarial, prevese a redacción dun novo Plan de Solo Empresarial que se baseará en:

- Análise da demanda tendo en conta a situación actual e as previsións a medio e longo prazo.
- Estimación da oferta actual e a medio e longo prazo en función das previsións de desenvolvemento de solo en marcha e previstas.
- Planificación global, de xeito conxunto para a totalidade do territorio integrada nos instrumentos de planificación actualmente en tramitación: Directrices de ordenación do territorio e Plan de Ordenación do Litoral.

- Establecemento dunha priorización das actuacións así como o desenvolvemento das previstas por fases, co obxecto de adecualas á demanda.

Coa posta en marcha desta planificación acadaranse os seguintes obxectivos:

	ANO 2009 (xa existentes)	A EXECUTAR 2009/2012	TOTAL 2012	A EXECUTAR 2012/2015	TOTAL 2015
Nº PARQUES	92	36	128	65	193
SUPERFICIE m ²	13.755.789	18.415.424	32.171.213	36.689.721	68.860.934

O investimento previsto para o desenvolvemento destes parques no período 2009-2012 ascende a 373 millóns de euros. As empresas que se asenten sobre el poderían crear arredor de 61.000 empregos, cun investimento en construción de instalacións e equipamentos de máis de 2.300 millóns de euros.

Situación actual

Na actualidade os parques dependentes da Xunta de Galicia ocupan un total de 13.755.789 metros cadrados, dos cales 8.148.295 son de uso industrial e comercial, estando dispoñibles para a venda 1.309.625 metros cadrados, o que supón algo máis do 16 por cento do total. A venda e posta en servizo deste solo podería dar lugar á creación de entre 6.000 e 9.000 empregos.

Tamén están en construción outros 19 parques empresariais, con 13.127.609 metros cadrados de superficie total, nos cales a superficie de uso industria e comercial será de 7.394.606 metros cadrados. Os parques en construción actualmente supoñen incrementar nun 91 por cento a superficie de solo empresarial existente dependente da Xunta de Galicia

Finalmente, existen 5.368.659 metros cadrados de superficie total en futuros parques con planeamento aprobado e 36.608.877 en parques en tramitación.

Novo prego de bases

Por outra parte o Instituto Galego da Vivenda e Solo e as empresas públicas Xestur elaboraron un novo prego de bases que rexerá os concursos de venda das parcelas da súa propiedade nos parques empresariais.

Este novo prego de bases busca a adaptación das condicións de venda de solo á situación actual de crise económica, de maneira que se flexibilizan as condicións que deben cumprir os adquirentes das ditas parcelas e as condicións de pagamento destas, facilitando así a adquisición de solo produtivo polas empresas sen descoidar

as garantías necesarias e sen que as condicións impostas supoñan un lastre para os adquirentes que poida chegar a impedir a implantación de novas empresas, ampliación das xa existentes ou traslado delas.

Unha das principais novidades que supón o novo prego de bases é a flexibilización das formas de pagamento do solo adquirido. Ata o de agora exixíase o pagamento do 25 por cento do importe da parcela no momento da sinatura da opción de compra desta e o 75 por cento restante na sinatura da escritura pública de compravenda. Co novo prego manterase a posibilidade de pagamento ao contado pero tamén se permitirá aprazar o pagamento do importe da venda. Desta maneira, os adquirentes de solo empresarial non terán que facer ningún desembolso ata a sinatura da escritura pública de compravenda, momento en que deberán aboar o 30 por cento do importe, podendo aprazar o 70 por cento restante durante tres anos, co pagamento dos xuros legais e garantindo o pagamento mediante aval.

No caso de que a empresa que tiña solo reservado con contrato asinado non se presentase á sinatura da escritura de compravenda penalizábase cun 10 por cento do importe de adxudicación, a deducir do 25 por cento xa entregado. Co novo prego a penalización será do 2 por cento.

Outra das novidades importantes refírese ao prazo para solicitar as licenzas municipais de edificación e actividade. Os pregos aplicados anteriormente impoñían o prazo máximo dun ano para obter estas licenzas, establecendo unha penalización do 20 por cento sobre o prezo da parcela no caso de que non se cumprise este requisito. O novo prego aumenta o prazo para a solicitude das licenzas ata dous anos, aínda que mantén a penalización do 20 por cento no caso de incumprimento.

Tamén de carácter económico é a modificación do importe da fianza que se debe depositar para participar no concurso de compravenda de solo empresarial. Ata agora ese importe equivalía ao 5 por cento do importe de licitación mentres que co novo prego será o 2 por cento do dito importe, sen IVE.

Outras modificacións do prego de bases refírense á documentación que deben presentar os participantes no concurso de venda de solo empresarial, aos criterios de adxudicación, que se modifican lixeiramente para facelos máis obxectivos, e ás penalizacións nos casos de incumprir determinados requisitos do prego, penalizacións que se reducen. No seguinte cadro indícanse as principais diferenzas entre o prego de bases antigo e o novo:

ANTIGO	NOVO
Documentación que hai que presentar no concurso	
Balance dos tres últimos exercicios (sociedades)	Balance do último ano
Tres últimas declaracións da renda	Certificación da Axencia Tributaria

(persoas físicas)	respecto da última declaración da renda
Fianza para participar no concurso	
5% do importe de licitación	2 % do importe de licitación
Prazos	
15 días dende a comunicación da adxudicación para asinar contrato de opción e pagar o 25% do importe de adxudicación	Sinatura de escritura pública de compravenda nun prazo de dous meses dende a inscrición da división material do parque
1 ano para solicitar as licenzas de edificación e actividade	2 anos para solicitar as licenzas de edificación e actividade
Pago	
25% á sinatura da opción de compra 75% á sinatura da escritura	0% na opción de compra 30% á sinatura da escritura 70% en tres anos (con xuros legais e garantía mediante aval)
Criterios de adxudicación	
Interese da actividade: 0-5 Número de parcelas: (máximo 4): 0-2 Traslado de empresa: 0-6 Prezo: 0-5 Proxectos subvencionados: 0-4 Ampliación de empresa existente: 0-6 Nova creación: 0-3 Mocidade, mulleres ou intereses sociais: 0-3 Mellora do ciclo produtivo: 0-2 Proposta arquitectónica: 0-4 Total: 0-40	Xuro da actividade: 0-7 Número de parcelas: (máximo 4): 0-2 Traslado de empresa: 0-4 Prezo: 0-7 Proxectos subvencionados: 0-2 Ampliación de empresa existente: 0-4 Nova creación: 0-4 Mocidade, mulleres ou intereses sociais: 0-2 Total: 0-32
Penalizacións	
Se a parcela non se destina ao uso previsto na adxudicación: 20% do prezo	Se a parcela non se destina ao uso previsto, no caso de que o dito aspecto fose tido en conta na adxudicación: 5% do prezo de venda
Non solicitar licenzas nun ano: 20%	Non solicitar licenzas en dous anos: 20%
Incumprimento de comunicar a Xestur a transmisión: 50%	Incumprimento de comunicar a Xestur a transmisión: 10%
Incumprimento de garantir a subrogación: 50%	Incumprimento de garantir a subrogación: 10%
Plusvalía	
A cargo do comprador	A cargo do vendedor

SANIDADE ACTUALIZA NUN DOCUMENTO TÉCNICO AS RECOMENDACIÓNS PARA O MANEXO E TRATAMENTO DA TUBERCULOSE

- *Esta actuación permitirá contar cuns protocolos comúns para toda a comunidade autónoma e adaptados a unha nova realidade*
- *Dende a implantación do Programa galego de prevención, hai máis de doce anos, Galicia reduciu nun 55% o número de casos*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, presentou ao Consello da Xunta un informe sobre a infección tuberculosa e o estudo de contactos. En concreto, trátase dun documento técnico que actualiza as recomendacións sobre o manexo, diagnóstico e tratamento desta enfermidade para adaptar a actuación ás necesidades presentes.

Este documento –elaborado por un grupo de expertos de toda Galicia- permitirá contar cuns protocolos de actuación comúns para toda a comunidade autónoma, adaptados a unha nova realidade e que forman parte do conxunto de medidas para conseguir unha acción preventiva e unha coordinación máis dinámica entre os diferentes niveis asistenciais de primaria e especializada, unidades de tuberculose e Saúde Pública.

O Programa galego de prevención e control da tuberculose, que leva en funcionamento doce anos, enmárcase na política preventiva de enfermidades transmisibles da Consellería de Sanidade, e que a Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación leva a cabo diferentes programas. As prioridades do programa son o diagnóstico precoz, o tratamento axeitado de todos os casos da enfermidade tuberculosa e a pronta identificación dos individuos que resultaron expostos a unha fonte de infección, co fin, neste caso, de evitar a infección ou previr o desenvolvemento da enfermidade ao longo da súa vida.

Diminución da enfermidade

Grazas a estas estratexias o Programa galego de prevención e control da tuberculose, tras 12 anos de implantación, obtivo como resultado unha diminución importante no número de casos de enfermidade, un total de 1.123 casos, o que supón un descenso do 55 por cento entre os anos 1996 e 2008. Como consecuencia do anterior, a incidencia da tuberculose en Galicia, pasou de ser de 72,3 casos por 100.000 habitantes en 1996 a 32,6 no ano 2008.

A actual situación epidemiolóxica da tuberculose en Galicia aconsella axustar as medidas de control ao declive da incidencia da enfermidade, desenvolvendo novas estratexias efectivas para aumentar a calidade dos diagnósticos da infección tuberculosa (IT) e o cumprimento do seu tratamento nas persoas con risco de desenvolver a enfermidade.